

# PROGRAMA ATRAE

GOBIERNO DE ESPAÑA

MINISTERIO DE CIENCIA, INNOVACIÓN Y UNIVERSIDADES

AGENCIA ESTATAL DE INVESTIGACIÓN

AXENCIA GALEGA DE COÑECEMENTO EN SAÚDE

# Finalidade

A **incorporación de talento investigador consolidado**, de recoñecido prestixio internacional e que teña desenvolvido recentemente un período relevante da súa actividade profesional no estranxeiro, de xeito que se promova o avance cara a un SECTI máis competitivo a nivel nacional e internacional.



AXENCIA GALEGA DE COÑECEMENTO EN SAÚDE

AGENCIA ESTATAL DE INVESTIGACIÓN




# Beneficiarios

- As entidades e institucións sanitarias públicas, os institutos de investigación sanitaria acreditados de natureza pública e outros centros públicos de I+D
- Os organismos públicos de investigación
- As universidades públicas e os seus institutos universitarios
- As universidades privadas

AXENCIA GALEGA DE COÑECEMENTO EN SAÚDE

AGENCIA ESTATAL DE INVESTIGACIÓN



# Conceptos financiables de execución obrigatoria

- A execución dun proxecto propio de I+D+i liderado polo/a IP da actuación.
- A contratación do/da IP da actuación.

AXENCIA GALEGA DE COÑECEMENTO EN SAÚDE



# ¿Cal será a retribución mínima e máxima salarial no caso da persoa IP?

- A **retribución salarial mínima**, que deberá indicarse en cada contrato, cunha dedicación a tempo completo, será de **80.000 euros brutos anuais** ou a que resulte equivalente no caso de dedicación a tempo parcial.

- O **custo máximo financiable** da contratación será de **150.000 euros (incluídas as cargas sociais)** multiplicado polo número de anualidades da actuación

AXENCIA GALEGA DE COÑECEMENTO EN SAÚDE

AGENCIA ESTATAL DE INVESTIGACIÓN



# Conceptos financiables de execución **NON** obrigatoria

**A adecuación de espazos, renovación de laboratorio e similares, necesarios para o inicio ou consolidación da liña de investigación do/da IP da actuación.**

AXENCIA GALEGA DE COÑECEMENTO EN SAÚDE



# Conceptos financiables

As actuacións que se financien poderán recibir **ata 1.000.000,00 €,** importe no que se inclúen tanto os custos directos como os custos indirectos.

Os **custos indirectos** determinaranse como unha porcentaxe fixa **do 25 %** sobre os custos directos relativos á execución do proxecto e ao establecemento e/ou mellora das instalacións.

AXENCIA GALEGA DE COÑECEMENTO EN SAÚDE

# Requisitos participación

1 Os beneficiarios deben ter desenvolvido a súa actividade investigadora no estranxeiro durante, polo menos, cinco dos últimos seis anos.

2 O beneficiarios, ademáis, deben situarse dentro do 10 % de maior excelencia, a nivel global, na súa especialidade.







AGENCIA ESTATAL DE INVESTIGACIÓN

AXENCIA GALEGA DE COÑECEMENTO EN SAÚDE

# ¿Qué requisitos debe cumplir o IP proposto?

1. Estar en posesión do **grao de doutor**. A data de obtención do grao de doutor/a deberá ser anterior ao 1 de xaneiro de 2018.

2. **Non pertencer** a ningún dos corpos de funcionariado docente universitario das universidades públicas, nin ser persoal investigador funcionario de carreira ao servizo dos OPIs, nin estar contratado/a nunha universidade pública española como profesor/a contratado/a doutor/a ou profesor/a permanente laboral (ou baixo figuras equivalentes das axencias autonómicas).
**Este requisito deberá cumprirse durante toda a tramitación.**



3. Non ter superado un proceso selectivo nin ter resultado proposto nun concurso.

AGENCIA ESTATAL DE INVESTIGACIÓN

AXENCIA GALEGA DE COÑECEMENTO EN SAÚDE

# ¿Cal é o número máximo de solicitudes/candidaturas que pode presentar cada entidade ou institución?



Cada entidade solicitante poderá presentar **tantas solicitudes de axuda como IPs propoña.** Cada solicitude individual incorporará un/unha único/a IP proposto/a.

Complementariamente, **cada IP só poderá ser proposto/a nunha única solicitude da convocatoria ATRAE2025,** é dicir, o/a mesmo/a IP non poderá ser proposto/a por diferentes entidades.

# Características das actuacións



Realizaranse de forma individual por unha única entidade beneficiaria, con un/unha único/a IP que a liderará e será responsable dos seus obxectivos e tarefas.



A duración das actuacións poderá ser de 3 ou 4 anos, conforme ao indicado na solicitude de axuda.



Poderanse presentar solicitudes a calquera das áreas e subáreas temáticas da AEI [anexo II da convocatoria ]

AGENCIA ESTATAL DE INVESTIGACIÓN

AXENCIA GALEGA DE COÑECEMENTO EN SAÚDE

# ¿A que se compromete a entidade solicitante unha vez resultase beneficiaria da actuación, e antes de que remate o período de execución desta?

**Será obrigatorio que, antes de que remate o período de execución da actuación, as entidades beneficiarias creen un posto de traballo de carácter permanente no ámbito de coñecemento do/da IP e procedan á súa cobertura, entendida como a incorporación efectiva ao posto da persoa que resulte adxudicataria no correspondente proceso selectivo.**



**NON SON ELEXIBLES OS CUSTOS QUE SE DERIVEN DA INCORPORACIÓN DO/DA IP A UN POSTO DE TRABALLO DE CARÁCTER PERMANENTE**

AGENCIA ESTATAL DE INVESTIGACIÓN

# Prazo de presentación das solicitudes



**Dende o 24 de abril ata o 5 de xuño de 2025 as 14:00 horas ( hora peninsular)**

AXENCIA GALEGA DE COÑECEMENTO EN SAÚDE